

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11641** *Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e da simplificación administrativa.*

I

O desenvolvemento da crise financeira internacional e as súas consecuencias en España levaron o Goberno, nos últimos meses, a adoptar diversas medidas para reforzar a capacidade de resposta da economía española, intensificar as previsións de apoio aos que se encontran en situacións máis difíciles en razón da crise e darlles o máximo impulso posible ás iniciativas vinculadas co desenvolvemento de novas formas de actividade económica e de xeración de emprego.

Neste contexto, o comportamento dos mercados de débeda pública, e en especial nos países da zona do euro, fai necesario adoptar novas iniciativas que reforcen a confianza internacional na economía española e expresen con claridade o compromiso das institucións españolas coas reformas acordadas no seo da Unión Europea en materia de control da evolución do gasto público e co impulso da actividade económica en España. Ambos os elementos son fundamentais para manter a capacidade de financiamento das administracións e as empresas españolas no mercado internacional.

Por iso, o Goberno considera necesario anticipar a adopción dalgunha das medidas discutidas no marco do Pacto polo Euro plus e aprobar con carácter urxente outras actuacións vinculadas en todos os casos ao impulso da actividade económica, ben incrementando as posibilidades de acceso á liquidez das pequenas e medianas empresas ou de novos proxectos empresariais, ben actuando especificamente sobre o sector da construción con reformas tendentes a garantir a confianza e a seguridade no mercado inmobiliario e con medidas que impulsan o desenvolvemento da rehabilitación como novo ámbito de crecemento sólido e sustentable, ben, finalmente, reducindo aqueles obstáculos administrativos á actividade empresarial e dos cidadáns que non estean plenamente xustificadas.

Por outra banda, a situación específica do mercado inmobiliario en España xera situacións de especial dificultade para os que contraeron préstamos hipotecarios nos momentos de maior valoración dos inmobles e se encontran agora coa imposibilidade de satisfacer as súas obrigas de pagamento. Fronte a esta situación, o Goberno considera necesario adoptar medidas adicionais de protección para as familias con menores ingresos, así como as reformas necesarias para garantir que as execucións hipotecarias se realizan sen dar lugar a situacións abusivas ou de malbaratamento dos bens afectados; mantendo plenamente, non obstante, os elementos fundamentais de garantía dos préstamos e, con eles, da seguridade e solvencia do noso sistema hipotecario.

Trátase, en ambos os casos, de actuacións especialmente urxentes. As medidas de control do gasto e de impulso da reactivación económica deben producir efecto nun contexto económico internacional especialmente difícil e turbulento, no marco das actuacións de rescate adoptadas pola Unión Europea e dirixidas aos Estados con maiores dificultades no mercado de débeda pública. Pola súa parte, a situación de determinados debedores hipotecarios require de accións inmediatas para garantir que se protexen adecuadamente os seus dereitos e, asemade, evitar calquera elemento de incerteza na regulación da execución hipotecaria.

En consecuencia, o Goberno acordou incluír neste real decreto lei un conxunto de medidas vinculadas á protección dos debedores hipotecarios, o control do gasto público e

a garantía de pagamento das obrigas contraídas polas administracións públicas, o impulso da actividade empresarial, o desenvolvemento das actuacións de rehabilitación, o incremento da seguridade xurídica no tráfico inmobiliario e a eliminación de obstáculos inxustificadas derivados da actividade administrativa. Con elas dáse tamén cumprimento a diversas resolucións adoptadas polo Congreso dos Deputados con ocasión do debate sobre política xeral que tivo lugar os pasados días 28 a 30.

II

A protección económica, social e xurídica da familia constitúe, especialmente nun momento de dificultades graves como o actual, un dos principios constitucionais reitores da política social e económica.

En concreto, aquelas familias que perderon a súa vivenda como consecuencia das súas difíciles circunstancias económicas non se deben ver privadas dun mínimo vital que lles garanta tanto as súas necesidades máis esenciais como a posibilidade de superaren no curto prazo a súa situación económica. Para iso, este real decreto lei inclúe dous grupos de medidas con importantes efectos económicos para os que se encontran en tal situación desfavorecida.

En primeiro lugar, co fin de moderar o impacto negativo da crise económica sobre os cidadáns máis vulnerables e, en particular, sobre aqueles con cargas familiares, elévase o limiar de inembargabilidade cando o prezo obtido pola venda da vivenda habitual hipotecada nun procedemento de execución hipotecaria sexa insuficiente para cubrir o crédito garantido. Aínda que, con carácter xeral, o mínimo inembargable de calquera debedor coincide co salario mínimo interprofesional (SMI), a partir deste real decreto lei e, exclusivamente, para os debedores hipotecarios que perderon a súa vivenda habitual, elévase ese mínimo ata o 150% do SMI e un 30% adicional por cada familiar do seu núcleo que non perciba ingresos superiores ao dito SMI.

En segundo lugar, modifícase a Lei de axuízamento civil para garantir que, no caso de se producir unha execución hipotecaria por falta de pagamento, os debedores recibirán unha contraprestación adecuada polo inmovible, que lles permita anular ou reducir ao máximo a débeda remanente.

Para iso, prevese que a adxudicación ao acredor en poxa dun inmovible hipotecado como consecuencia dunha execución se realizará por un prezo nunca inferior ao 60% do valor de taxación. Establécese, xa que logo, un límite equilibrado, impedíndose calquera adxudicación ao acredor inferior ao 60% do valor de taxación, independentemente da contía da débeda total, e isto co fin de evitar o despoxo do debedor.

Finalmente, co obxecto de mellorar a eficacia das poxas, permitindo unha maior concorrencia de ofertas e, polo tanto, posibilitando a fixación dun prezo máis xusto, redúcese ata o 20% o depósito exixido aos licitadores para participaren nunha poxa. Deste modo, facilitaríase a presenza de licitadores e a mellor adxudicación dos bens hipotecados, equipararíase o importe deste depósito co previsto pola propia lei para os bens mobles e recuperaríase a porcentaxe que sobre este punto xa establecía a Lei de axuízamento civil desde 1881.

III

No marco da actual inestabilidade dos mercados de débeda pública, o Goberno quere dar un paso máis no seu compromiso coa disciplina fiscal mediante a introdución dunha regra que limita o crecemento do gasto das administracións públicas, complementando deste modo os principios definidos na Lei xeral de estabilidade orzamentaria. Con esta regra refórzase a vertente preventiva da política fiscal de estabilidade, evitando en especial os comportamentos procíclicos. A aplicación de ambas as regras fiscais –o equilibrio ao longo do ciclo económico e o límite ao crecemento do gasto público– axudará a moderar os posibles desequilibrios xerados nos procesos de expansión excesiva da actividade económica e creará as marxes necesarias para amortecer as fases de recesión, sen comprometer a sustentabilidade das finanzas públicas. Con esta iniciativa, ademais, o Goberno anticipase aos requirimentos recollidos no Pacto polo Euro Plus acordado

recentemente e pon en marcha a adaptación das leis de estabilidade aos cambios que se van aprobar sobre goberno económico na Unión Europea.

A regra de gasto aplicaráselles directamente á Administración xeral do Estado e aos seus organismos, e ás entidades locais que participan na cesión de impostos estatais. Ás restantes entidades locais seguiralles sendo de aplicación a regra de equilibrio ou superávit prevista na actual normativa de estabilidade orzamentaria.

Por outra banda, a reactivación da actividade económica e, con ela, da xeración de emprego exige no momento actual adoptar todas as medidas posibles para responder ás situacións de falta de liquidez nas empresas e, moi especialmente, nas pequenas e medianas, para as cales resultan singularmente relevantes as dificultades de cobramento das obrigas con elas contraídas por parte das administracións públicas, e en especial das administracións locais.

No ano 2009 aprobouse o Real decreto lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para lles facilitar ás entidades locais o saneamento de débedas pendentes de pagamento con empresas e autónomos. Esta norma contiña a posibilidade de que aquelas entidades concertasen unha operación especial de endebedamento para financiar remanentes de tesouraría negativos ou para financiar obrigas vencidas e exixibles pendentes de aplicar ao orzamento.

Tendo en conta o mantemento da situación económica que motivou aquela norma e a consolidación do seu impacto nos atrasos ocasionados no pagamento das obrigas contraídas polas entidades locais, co conseguinte efecto negativo sobre a liquidez das empresas, en especial as pequenas e medianas e os autónomos, así como a persistencia das dificultades de acceso ao crédito que están recaendo sobre todo nos citados axentes económicos, resulta necesario adoptar medidas urxentes, de carácter extraordinario, co fin de que as entidades locais poidan cumprir as súas obrigas e as empresas e autónomos que contratan con aquelas poidan recuperar o equilibrio financeiro.

A sección segunda do capítulo segundo deste real decreto lei regula en dez preceptos a posible concertación polas entidades locais de operacións de crédito para dar cumprimento ás súas obrigas comerciais, no marco dunha liña financeira que instrumentará o Instituto de Crédito Oficial, logo de instrución previa que deberá acordar a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, e que permitirá que as entidades financeiras colaboradoras lles satisfagan directamente aos provedores as débedas pendentes de pagamento durante o ano 2011. Este acordo desenvolverá e concretará a execución daquela liña. Establécese, en calquera caso, a necesaria habilitación legal para que aquela liña financeira poida contar coa garantía da participación das entidades locais nos tributos do Estado.

IV

O estímulo da actividade económica, e en especial dos proxectos empresariais innovadores, require de estímulos ao investimento que, no actual contexto restritivo, deben ser singularmente intensos e garantir o seu mantemento por un tempo suficiente para a viabilidade dos proxectos citados.

Con esta finalidade, o Goberno decidiu adoptar unha modificación do imposto sobre a renda das persoas físicas para declarar exentas as ganancias patrimoniais obtidas na transmisión das accións ou participacións derivadas de investimentos de particulares en proxectos impulsados por emprendedores, favorecendo a creación de empresas que permitan avanzar no cambio de modelo produtivo e a xeración de emprego.

A dita exención sométese a un conxunto de requisitos: en concreto, o investimento deberá ser efectuado directamente pola persoa física mediante a subscripción de accións ou participacións en entidades de nova ou recente creación que desenvolvan unha actividade económica. E a exención da ganancia patrimonial resultará de aplicación respecto das ganancias patrimoniais obtidas pola transmisión das accións ou participacións cuxo valor de adquisición non exceda, para o conxunto de entidades nas cales invista, os 25.000 euros anuais nin os 75.000 euros por entidade durante os tres anos posteriores á

súa constitución, e o tempo de permanencia dos valores no patrimonio do contribuínte sexa superior a tres e inferior a dez anos.

Xunto con esta medida, o real decreto lei prorroga as facilidades existentes para a produción de longametraxes, cuxa prevista derogación o 31 de decembro de 2011 puña en perigo a planificación inmediata dos investimentos necesarios para o mantemento da actividade da industria cinematográfica en 2012.

E, por último, neste conxunto de medidas de impulso, completa a regulación prevista neste real decreto lei unha axilización adicional do procedemento de creación de sociedades previsto no Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, mediante a clara determinación das posibilidades de acceso por vía telemática, ou outra, e por parte de calquera interesado á certificación negativa de denominación expedida polo Rexistro Mercantil Central.

V

Este real decreto lei introduce, así mesmo, novas medidas dirixidas a seguir impulsando as actuacións de rehabilitación, que reforzan e afondan os contidos que sobre esta materia se recolleron na Lei de economía sustentable, introducindo maior claridade nun mercado que se considera básico para a consecución dun modelo de desenvolvemento máis sustentable.

Para este fin, delimitáanse claramente as actuacións incluídas dentro do concepto global de rehabilitación, isto é, as actuacións de conservación, mellora e rexeneración urbana, o que permite coñecer en que concretas condicións son exixibles.

Aclárase, ademais, qué suxeitos están obrigados á súa realización e cales lexitimados para participar nas actuacións de rehabilitación, e explicitáanse as facultades recoñecidas ás comunidades de propietarios, agrupacións destas e cooperativas que se puideren constituír ao respecto, terminando así coas dúbidas que a actuación destes suxeitos en actuacións rehabilitadoras xeraba na práctica.

Xunto a iso, no marco así mesmo das políticas dirixidas á consecución dun medio urbano máis sustentable, o real decreto lei xeneraliza a inspección técnica de edificios, establecendo a súa obrigatoriedade e os seus requisitos esenciais.

Desta maneira, dótase este instrumento, xa existente na maioría das leis urbanísticas en vigor, da uniformidade necesaria para garantir uns contidos que axuden a conseguir a adaptación do parque de vivendas existente aos criterios mínimos de calidade exixidos.

VI

O capítulo VI dá paso ás medidas específicas de seguridade xurídica no sector inmobiliario, que se centran basicamente en dous tipos: as relacionadas coa imposibilidade de concesión de facultades de extraordinaria relevancia e impacto sobre o territorio por medio da técnica do silencio positivo, e as relativas a medidas rexistras cuxo obxecto consiste en garantir e fortalecer a seguridade xurídica nos actos e negocios inmobiliarios por medio do Rexistro da Propiedade.

En relación coas primeiras, confírmase a regra, xa contida na Lei estatal de solo, da imposible adquisición por silencio administrativo de facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística, e que culminan determinando a nulidade de pleno dereito destes actos. A sentenza do 28 de xaneiro de 2009, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, fixou como doutrina legal que o artigo 8.1, b) da citada Lei de solo constitúe unha norma con rango de lei básica estatal, cos mencionados efectos. Para iso, nada mellor que explicitar o carácter negativo do silencio nos procedementos máis relevantes de declaración de conformidade, aprobación ou autorización administrativa nos ditos ámbitos, o que sen dúbida contribuirá a unha maior seguridade xurídica, impedindo que a mera pasividade ou inexistencia de actuacións tempestivas dos concellos permita entender a calquera privado que lle foron concedidas licenzas urbanísticas do máis variado tipo.

En relación coas segundas, faise especial fincapé nas medidas de protección rexistral cuxo obxectivo consiste na protección preventiva e na depuración a futuro de situacións que se producen na actualidade e que están afectando de maneira moi negativa o

investimento no sector inmobiliario, tanto a nivel interno como internacional. Entre elas, a anulación de licenzas previamente concedidas, coa consecuencia última da demolición, que terminan afectando a terceiros adquirentes de boa fe que se ven desprotexidos por mor de actuacións en que non foron parte, e que non sempre estiveron exentas na súa orixe de supostos de corrupción. Entre estas medidas atópase a incorporación ao Rexistro da Propiedade da información que lles permitirá aos adquirentes de inmobles coñecer por anticipado a posible situación litixiosa en que estes se encontran, incluíndo os expedientes que poidan supor a imposición de multas ou a futura demolición. Na actualidade, o acceso á dita información, absolutamente relevante para os potenciais investidores, é só potestativa dos concellos, de tal maneira que se establece a obrigatoriedade de lla proporcionar ao rexistrador, impéndolles aos concellos que a incumpran os prexuízos económicos que se lles puidesen causar aos adquirentes de boa fe.

Ademais, precísanse os requisitos de acceso ao Rexistro da Propiedade das obras novas terminadas, impedindo que poidan ser obxecto de inscrición rexistral aquelas que, ademais de contaren coa licenza de obras e a certificación técnica de que a obra se axusta ao proxecto, non posúan a licenza de primeira ocupación.

Establécese tamén unha nova autorización administrativa para inscribir o réxime propiedade horizontal dos complexos inmobiliarios para evitar a entrada no Rexistro da Propiedade de adquisicións que non se corresponden coa normativa urbanística ou coas licenzas preceptivas e que, polo tanto, se lles poderían vender a terceiros sen adecuarse á lexislación urbanística.

Permítese igualmente o acceso ao Rexistro da Propiedade dos edificios fóra de ordenación, isto é, aqueles respecto dos cales xa non proceda adoptar medidas de restablecemento da legalidade urbanística que impliquen a súa demolición, por teren transcorrido os prazos de prescrición correspondentes. Desta maneira, conséguese a protección dos seus propietarios, en moitos casos, terceiros adquirentes de boa fe, sen que iso signifique descoñecer o seu carácter de fóra de ordenación e as limitacións que iso implica.

VII

O artigo 40 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, prevé a modificación do silencio administrativo nos procedementos que non se consideren cubertos por razóns imperiosas de interese xeral, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O mandato legal descansa sobre a previsión xeral de circunscribir o sentido negativo do silencio administrativo a aqueles procedementos en que o exixan imperiosas razóns de interese xeral e así o sancione unha lei.

Igualmente, a Lei de economía sustentable introduciu un novo artigo 84 bis na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a regra xeral de que o exercicio de actividades polos particulares non queda suxeito á obtención de licenza municipal previa ou outro medio de control preventivo. Con esta opción de política lexislativa, a Lei de economía sustentable vai un paso máis alá da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, dado que non só se suprimen os réximes de autorización para o exercicio de actividades de servizos incluídos no seu ámbito de aplicación, senón que se estende a calquera tipo de actividade.

Sen prexuízo do anterior, o novo artigo 84 bis establece unha serie de excepcións á regra xeral sinalada, pois poderase someter á obtención de licenza previa municipal o exercicio de actividades que afecten a protección do medio ambiente, a protección do patrimonio histórico-artístico, a seguridade, a saúde públicas, ou daquelas actividades que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que estea xustificada e resulte proporcionada, requisitos estes últimos que hai que conectar co novo artigo 39 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no que se establecen os principios de intervención das administracións públicas para o desenvolvemento dunha actividade.

Sobre a base de ambos os preceptos, o Goberno procedeu a avaliar, no seu ámbito competencial, a concorrencia dos motivos que xustifican a opción polo sentido desestimatorio do silencio, así como a existencia de referencia a licenzas locais de actividade na lexislación estatal.

Tras o proceso de avaliación levado a cabo por parte dos diferentes departamentos ministeriais, con este real decreto lei cúmprese o mandato ao proceder a modificar os preceptos de múltiples leis, propiciando que en máis dun centenar de procedementos a Administración se vexa agora sometida ao réxime do silencio positivo e que desaparezan as mencións ás licenzas locais nos seguintes textos normativos: Real decreto lei 4/2001, do 16 de febreiro, de réxime de intervención administrativa aplicable á valorización enerxética de fariñas de orixe animal procedentes da transformación de despoños e cadáveres de animais; o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo; a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído; a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación; a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental; a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, e a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Deste modo, a actividade dos cidadáns poderase desenvolver nos ámbitos afectados sen que o eventual atraso na actuación administrativa se configure como un obstáculo e, á vez, garantindo que a tutela do interese público nos aspectos fixados pola Lei de economía sustentable se mantén inalterada.

VIII

No conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución como presupostos para a aprobación de reais decretos lei.

En virtude de todo isto, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, do ministro de Xustiza e do ministro de Fomento, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 1 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Situación dos debedores hipotecarios

Sección primeira. Inembargabilidade de ingresos mínimos familiares

Artigo 1. *Inembargabilidade de ingresos mínimos familiares.*

No caso de que, de acordo co disposto no artigo 129 da Lei hipotecaria, o prezo obtido pola venda da vivenda habitual hipotecada sexa insuficiente para cubrir o crédito garantido, na execución forzosa posterior baseada na mesma débeda, a cantidade inembargable establecida no artigo 607.1 da Lei de axuízamento civil incrementarase nun 50 por cento e ademais noutro 30 por cento do salario mínimo interprofesional por cada membro do núcleo familiar que non dispoña de ingresos propios regulares, salario ou pensión superiores ao salario mínimo interprofesional. Para estes efectos, enténdese por núcleo familiar o cónxuxe ou parella de feito e os ascendentes e descendentes de primeiro grao que convivan co executado.

Os salarios, soldos, xornais, retribucións ou pensións que sexan superiores ao salario mínimo interprofesional e, de ser o caso, ás contías que resulten de aplicar a regra para a

protección do núcleo familiar prevista no número anterior, embargaranse conforme a escala prevista no artigo 607.2 da mesma lei.

Sección segunda. Poxas de bens inmobles

Artigo 2. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 669 queda modificado como segue:

«1. Para tomar parte na poxa, os licitadores deberán depositar, previamente, o 20 por cento do valor que se lles dese aos bens conforme o establecido no artigo 666 desta lei. O depósito efectuarase conforme o disposto no número 3.º do número 1 do artigo 647.»

Dous. O segundo parágrafo do número 4 do artigo 670 queda redactado como segue:

«Transcorrido o indicado prazo sen que o executado realice o previsto no parágrafo anterior, o executante poderá, no prazo de cinco días, pedir a adxudicación do inmoble polo 70% do dito valor ou pola cantidade que se lle deba por todos os conceptos, sempre que esta cantidade sexa superior ao sesenta por cento do seu valor de taxación e á mellor oferta.»

Tres. O artigo 671 queda modificado como segue:

«Se no acto da poxa non houber ningún licitador, o acredor poderá pedir a adxudicación dos bens por cantidade igual ou superior ao sesenta por cento do seu valor de taxación.

Cando o acredor, no prazo de vinte días, non fixer uso desa facultade, o secretario xudicial procederá ao levantamento do embargo, por instancia do executado.»

CAPÍTULO II

Medidas financeiras

Sección primeira. Modificación do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria

Artigo 3. *Regra de gasto das administracións públicas.*

Modifícase o Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, nos seguintes termos:

Un. Introdúcese no artigo 7.1 un novo parágrafo, co seguinte teor:

«Con carácter xeral, o gasto dos distintos suxeitos comprendidos no artigo 2.1.a) desta lei, así como das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, non poderá superar a taxa de crecemento de referencia da economía española.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 8 bis, co seguinte teor:

«Artigo 8 bis. *Regra de gasto.*

1. O obxectivo de estabilidade orzamentaria das entidades a que se refire o artigo 2.1 a) desta lei, así como das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo

definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, fixarase tendo en conta que o crecemento do seu gasto computable non poderá superar a taxa de crecemento a medio prazo de referencia da economía española.

Entenderase por gasto computable, para os efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os xuros da débeda e o gasto non discrecional en prestacións por desemprego.

A taxa de crecemento a medio prazo de referencia da economía española defínese como o crecemento medio do PIB, expresado en termos nominais, durante 9 anos.

O dito crecemento determinarase como a media aritmética das taxas de crecemento real do PIB previstas no Programa de Estabilidade para o exercicio corrente e os tres exercicios seguintes e as taxas de crecemento real do PIB rexistradas nos cinco anos anteriores.

Para efectos de determinar o crecemento do PIB en termos nominais, á taxa resultante do parágrafo anterior engadiráselle unha referencia de inflación equivalente a unha taxa anual do 1,75 por cento.

2. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberase diminuír na contía equivalente.

3. Os ingresos que se obteñan por encima do proxectado dedicaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública.

4. Cando, excepcionalmente, se presente ou se liquide un orzamento con déficit que supoña a adopción dun plan económico financeiro de reequilibrio, de acordo coa normativa orzamentaria ou co Procedemento de Déficit Excesivo, a evolución do gasto deberá cumprir rigorosamente coa senda prevista no dito plan.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 9, que queda redactado como segue:

«Con anterioridade ao 1 de outubro de cada ano, o ministro de Economía e Facenda, elevaralle ao Goberno un informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto do exercicio inmediato anterior, así como da evolución cíclica real do exercicio e as desviacións respecto da previsión inicial contida no informe a que se refire o artigo 8.2 desta lei.»

Catro. Introdúcese un novo artigo 10 bis, co seguinte teor:

Artigo 10.bis. *Consecuencias do incumprimento da regra de gasto.*

«En caso de incumprimento da taxa de incremento de gasto, á cal se refire o artigo 8 bis, a Administración pública responsable deberá adoptar medidas extraordinarias de aplicación inmediata que garantan o retorno á senda de gasto acorde coa regra establecida.»

Sección segunda. Liña de crédito para a cancelación de débedas das entidades locais con empresas e autónomos

Artigo 4. *Obxecto.*

Co fin de permitir a cancelación das súas obrigas pendentes de pagamento con empresas e autónomos, derivadas da adquisición de subministracións, realización de obras e prestación de servizos, as entidades locais, con carácter excepcional, poderán

concertar operacións de crédito a longo prazo, cos límites, condicións e requisitos que se establecen nos artigos seguintes e conforme o acordo que, con carácter de urxencia, deberá adoptar a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, polo que instruirá o Instituto de Crédito Oficial para a posta en marcha da correspondente liña financeira.

Artigo 5. Ámbitos subxectivo e obxectivo de aplicación.

1. Poderanse acoller á citada liña financeira as entidades locais, os seus organismos autónomos e entidades dependentes que pertencen integramente a aquelas integrantes do Inventario de Entes do Sector Público Local, regulado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, que teñan obrigas recoñecidas, vencidas, líquidas e exixibles pendentes de pagamento ou obrigas vencidas, líquidas e exixibles pendentes de aplicar ao orzamento de 2010. En calquera caso, as citadas obrigas deben ter o seu soporte material en certificacións ou documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, correspondentes a subministracións, obras ou servizos entregados con anterioridade ao 30 de abril de 2011, e reunir, cando se trate de contratos suxeitos á Lei 30/2007, do 30 outubro, de contratos do sector público, os requisitos exixidos por aquela lexislación.

2. Para os efectos anteriores, a liña financeira deseñárase de forma que posibilite preferentemente a cancelación das débedas cos autónomos e as pequenas e medianas empresas, considerando así mesmo a antigüidade das certificacións ou documentos antes citados.

Artigo 6. Importe máximo de endebedamento.

1. Por cada entidade local, incluíndo, de ser o caso, os seus organismos autónomos e entidades dependentes que pertencen integramente a aquelas, o importe susceptible de financiamento estará constituído polo principal das obrigas recoñecidas, vencidas, líquidas e exixibles pendentes de pagamento e polo das vencidas, líquidas e exixibles que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento do exercicio de 2010, ou pola suma de ambos. Este importe, xunto cos xuros estimados que a operación de crédito xeraría, non poderá exceder, en ningún caso, o vinte e cinco por cento do importe anual das entregas á conta da participación da entidade local en tributos do Estado do ano 2011, unha vez descontados os reintegros correspondentes ás liquidacións definitivas daquela participación do exercicio 2008 e anteriores.

2. Non se incluírán nesta operación os importes que correspondan ás obrigas accesorias á principal, establecidas na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e das que deberán responder as entidades locais debedoras.

3. No suposto de que a operación de endebedamento se destine, total ou parcialmente, á cobertura de obrigas que quedaron pendentes de aplicar a orzamento, estas deberanse recoñecer na súa totalidade no orzamento vixente para 2011, con cargo ao importe que corresponda do total financiado.

Artigo 7. Requisitos para concertar as operacións de endebedamento.

1. Con carácter previo á concertación das operacións de endebedamento no marco da liña financeira citada no artigo 4 deste real decreto lei, as entidades locais deberán aprobar a liquidación dos seus orzamentos xerais do ano 2010.

2. Aprobada a citada liquidación de orzamentos, as entidades locais que se pretendan acoller a aquela liña financeira deberanlle solicitar, antes do 1 de decembro de 2011, ao Instituto de Crédito Oficial a aceptación para concertar operacións de endebedamento. Obtida esta aceptación, e de acordo cos termos dela, as entidades locais poderán formalizar coas entidades de crédito as operacións financeiras correspondentes, as cales

actuarán por conta do Instituto de Crédito Oficial na materialización do pagamento ás empresas e autónomos.

Artigo 8. Prazos de vixencia da liña financeira.

O prazo de cancelación das operacións de endebedamento non poderá ser superior a tres anos nin estas se poderán concertar con períodos de carencia, debendo quedar pechada o 31 de decembro de 2014 a liña financeira que poña en marcha o Instituto de Crédito Oficial, de acordo co artigo 4 deste real decreto lei.

As operacións amortizaranse polo método de anualidade constante e concertaranse coa flexibilidade necesaria para poder efectuar cancelacións anticipadas, cando os resultados dos exercicios económicos durante o período de vixencia daquela liña financeira así o permitan.

Artigo 9. Aprobación das operacións de endebedamento: competencia.

1. A concertación das operacións de endebedamento requirirá a aceptación do Instituto de Crédito Oficial para a súa inclusión na liña financeira citada no artigo 4 desta norma. O procedemento iniciarase mediante solicitude aprobada polo pleno da corporación local, co informe favorable da intervención da entidade local, que se deberá pronunciar sobre o cumprimento dos requisitos exixidos por esta norma, e co informe da tesouraría da mesma entidade en relación co cumprimento da orde de prelación establecida no artigo 5.2 desta norma.

O anterior acordo de aprobación deberá conter a relación identificativa e detallada das certificacións e documentos acreditativos das obrigas pendentes de pagamento cuxo cumprimento se pretende con esta liña financeira.

2. Aceptada polo Instituto de Crédito Oficial a futura concertación da operación de crédito, a competencia para acordar a súa concertación estará determinada polo disposto no artigo 52 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 10. Obriga de comunicación da operación de endebedamento ao Ministerio de Economía e Facenda.

A operación de endebedamento regulada nesta norma non estará suxeita a autorización administrativa, aínda que deberá ser incorporada, no prazo máximo dun mes contado desde a data da súa formalización, na Central de Información de Riscos das Entidades Locais, de acordo co disposto no artigo 55 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 24 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 11. Desenvolvemento da operación de endebedamento.

A xeración de remanente de tesouraría negativo para gastos xerais no período de amortización das operacións de endebedamento comportará a prohibición de realizar investimentos novos no exercicio seguinte financiadas con endebedamento, sexan estas materiais, inmateriais ou financeiras, directas ou indirectas a través de subvencións concedidas a entidades dependentes.

Artigo 12. Aplicación prevista na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

1. Se, como consecuencia da liña de crédito instruída pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos ao Instituto de Crédito Oficial para facilitar liquidez ás empresas e aos autónomos que teñan créditos coas entidades locais, estas últimas contraeren co Instituto de Crédito Oficial débedas firmes, impagadas no período voluntario

fixado, o órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda efectuará ao seu favor as retencións que procedan con cargo ás ordes de pagamento que se emitan para satisfacer a súa participación nos tributos do Estado. Para iso, aplicarase o réxime previsto para os acredores públicos na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. As citadas retencións practícaranse logo de solicitude do Instituto de Crédito Oficial na cal se poña de manifesto que concorren nas débedas que as motivan os requisitos recollidos no número anterior.

3. As garantías das liñas de crédito que, nos termos previstos neste artigo, se habiliten para dotar de liquidez as empresas e autónomos non poderán superar o vinte e cinco por cento do importe anual das entregas á conta da participación da entidade local en tributos do Estado do ano 2011, unha vez descontados os reintegros correspondentes ás liquidacións definitivas daquela participación do exercicio 2008 e anteriores.

Artigo 13. Ámbito obxectivo de aplicación da retención a favor do Instituto de Crédito Oficial.

O previsto no artigo anterior aplicarase a débedas firmes contraídas polas entidades locais co Instituto de Crédito Oficial exclusivamente durante o período de vixencia da liña financeira, aínda que as retencións que deba practicar o órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda se poderán estender, de ser necesario, aos exercicios seguintes.

CAPÍTULO III

Impulso da actividade empresarial

Artigo 14. Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Estarán exentas do imposto as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto:

a) Con ocasión das doazóns que se efectúen ás entidades citadas no artigo 68.3 desta lei.

b) Con ocasión da transmisión da súa vivenda habitual por maiores de 65 anos ou por persoas en situación de dependencia severa ou de gran dependencia, de conformidade coa Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

c) Con ocasión do pagamento previsto no artigo 97.3 desta lei e das débedas tributarias a que se refire o artigo 73 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

d) Con ocasión da transmisión das accións ou participacións en empresas de nova ou recente creación, nos termos e condicións previstos na disposición adicional trixésimo terceira desta lei.»

Dous. Engádese unha disposición adicional trixésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo terceira. *Medidas para favorecer a capitalización de empresas de nova ou recente creación.*

1. Estarán exentas as ganancias patrimoniais derivadas da transmisión de accións ou participacións en empresas de nova ou recente creación que cumpran os requisitos establecidos no número 2 seguinte, cuxo valor total de adquisición non exceda, para o conxunto de entidades, os 25.000 euros anuais, nin os 75.000 euros por entidade durante todo o período de tres anos a que se refire a alínea a) do número 3 seguinte, sempre que se cumpran as condicións e requisitos establecidos nesta disposición adicional.

2. Para os efectos de poder aplicar a exención prevista no número anterior, a entidade deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberá revestir a forma de sociedade anónima, sociedade de responsabilidade limitada, sociedade anónima laboral ou sociedade de responsabilidade limitada laboral, nos termos previstos no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e na Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais.

b) Non estar admitida a cotización nalgún dos mercados regulados de valores definidos na Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e representativos da participación en fondos propios de sociedades ou entidades.

c) A entidade debe desenvolver unha actividade económica. En particular, non poderá ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario a que se refire o artigo 4.8.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, en ningún dos períodos impositivos da entidade concluídos con anterioridade á transmisión da participación.

d) Que para a ordenación da actividade económica se utilice, polo menos, unha persoa empregada con contrato laboral e a xornada completa.

e) O importe da cifra dos fondos propios da entidade non poderá ser superior a 200.000 euros nos períodos impositivos desta nos cales o contribuínte adquira as accións ou participacións.

Cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas, o importe dos fondos propios referirase ao conxunto de entidades pertencentes ao dito grupo.

f) Que a entidade non teña ningunha relación laboral nin mercantil, á marxe da condición de socio, co contribuínte.

Os requisitos establecidos neste número, agás o previsto na alínea e) anterior, deberán ser cumpridos pola entidade durante todos os anos en que se ten a acción ou participación.

3. Para efectos de aplicar o disposto no número 1 anterior, deberánse cumprir as seguintes condicións:

a) As accións ou participacións na entidade deberán ser adquiridas polo contribuínte a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, ben no momento da constitución daquela ou mediante ampliación de capital efectuada nos tres anos seguintes á dita constitución, contados de data a data, mesmo cando se trate de entidades xa constituídas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2011.

b) A participación do contribuínte, xunto coa que posúan na mesma entidade o seu cónxuxe ou calquera persoa unida ao contribuínte por parentesco, en liña recta ou colateral, por consanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao incluído, non pode ser, durante ningún día dos anos naturais de posesión da participación, superior ao 40 por cento do capital social da entidade ou dos seus dereitos de voto.

c) Que o tempo de permanencia da acción ou participación no patrimonio do contribuínte sexa superior a tres anos e inferior a dez anos, contados de data a data.

4. En ningún caso resultará de aplicación o disposto no número 1 anterior nos seguintes supostos:

a) Cando se trate de participacións subscritas polo contribuínte co saldo da conta aforro-empresa. As ditas participacións non se terán en conta para o cálculo da porcentaxe de participación a que se refire a alínea b) do número 3 anterior.

b) Cando se trate de accións ou participacións nunha entidade a través da cal se exerza a mesma actividade que se viña exercendo anteriormente mediante outra titularidade.

c) Cando o contribuínte adquirise valores homoxéneos no ano anterior ou posterior á transmisión das accións ou participacións. Neste caso, a exención non procederá respecto dos valores que, como consecuencia da dita adquisición, permanezan no patrimonio do contribuínte.

d) Cando as accións ou participacións se transmitan a unha entidade vinculada co contribuínte, o seu cónxuxe, calquera persoa unida ao contribuínte por parentesco, en liña recta ou colateral, por consanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao incluído, ou un residente en país ou territorio considerado como paraíso fiscal.

5. A entidade a que se refire o número 2 anterior deberá presentar unha declaración informativa co contido que regulamentariamente se estableza en relación co cumprimento dos requisitos exixidos á entidade, a identificación dos seus accionistas ou partícipes, porcentaxe e período de posesión da participación.

O ministro de Economía e Facenda establecerá o modelo, así como o prazo e forma de presentación da declaración informativa a que se refire este número.»

Artigo 15. *Medidas de fomento á produción de longametraxes.*

1. O número 2 do artigo 38 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado por Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, manterá a súa vixencia ata os períodos impositivos que se iniciasen antes do 1 de xaneiro de 2013, e quedará derogado con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir desa data.

2. As deducións establecidas no citado número 2 do artigo 38, pendentes de aplicación ao comezo do primeiro período impositivo que se inicie a partir de 1 de xaneiro de 2013, poderanse aplicar no prazo e cos requisitos establecidos no capítulo IV do título VI da Lei do imposto sobre sociedades, segundo a redacción vixente en 31 de decembro de 2012. Os ditos requisitos son igualmente aplicables para consolidar as deducións practicadas en períodos impositivos iniciados antes daquela data.

Artigo 16. *Uso de medios telemáticos para a solicitude e obtención da certificación negativa de denominación.*

O previsto no artigo 5 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, será de aplicación tamén nos casos en que, por vías telemática ou outra, se solicite e obteña do Rexistro Mercantil Central a certificación negativa de denominación por calquera interesado ou o seu autorizado, ademais de polo notario, por instancia daquel.

CAPÍTULO IV

Medidas para o fomento das actuacións de rehabilitación

Artigo 17. *Actuacións de rehabilitación.*

1. Para os efectos deste real decreto lei, o termo rehabilitación engloba as seguintes actuacións:

a) As de conservación, entendendo por tales as reparacións e obras precisas para manter un inmoble nas condicións de habitabilidade, seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato, que serán exixibles nos termos establecidos na lexislación aplicable.

b) As de mellora, entendendo por tales, de conformidade co disposto polo artigo 111 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, as que se realicen por motivos turísticos ou culturais ou, en xeral, por motivos de calidade e sustentabilidade do medio urbano, cando os inmobles formen parte dun plan, programa ou instrumento legal de rehabilitación previamente aprobado, e cuxo fin sexa garantir a seguridade, salubridade, accesibilidade, redución de emisións e inmisións contaminantes de todo tipo e de auga e enerxía, e, en particular, que se cumpran todos ou algúns dos requisitos básicos relacionados na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

c) As de rexeneración urbana, entendendo por tales, de acordo co disposto no artigo 110 da Lei de economía sustentable, as que se desenvolvan en ámbitos urbanos vulnerables, obsoletos ou degradados, alcanzando tanto a urbanización e as dotacións como os edificios, e teñan como finalidade o cumprimento dos principios de cohesión territorial e social, eficiencia enerxética e complexidade funcional ao servizo dun medio urbano sustentable. Cando se refiran exclusivamente á rehabilitación de edificios, estas actuacións consistirán en realizar as obras necesarias para lograr os fins propios das actuacións de mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano a que se refire a alínea anterior.

Terán carácter integrado cando articulen medidas sociais, ambientais e económicas enmarcadas nunha estratexia municipal global e unitaria, formulada a través do planeamento urbanístico ou por medio dun instrumento específico.

2. As actuacións de rehabilitación que afecten soamente edificios poderán incluír tamén os espazos comúns privativos vinculados a eles.

Artigo 18. *Realización das actuacións de conservación, mellora e rexeneración.*

1. As actuacións de conservación, mellora e rexeneración poderán ser impostas pola Administración competente cando concorran as condicións previstas para cada unha delas neste real decreto lei e no resto de lexislación aplicable, caso en que lles será de aplicación o disposto no número 2 do artigo 111 da Lei de economía sustentable.

En particular, as actuacións de rexeneración urbana exixirán que a Administración competente delimite o correspondente ámbito, que poderá ser continuo ou discontinuo, así como de mera rehabilitación edificatoria, podéndose incluír neste ámbito intervencións de demolición, renovación ou substitución de vivendas ou edificios completos, sempre que non afecten máis do 50% dos edificios, das vivendas ou da edificabilidade.

Nestes casos, as actuacións de rexeneración urbana terán a consideración de actuacións de transformación urbanística, de acordo co previsto no artigo 14.1 do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, e seralles de aplicación o réxime das actuacións de urbanización ou de dotación que lles corresponda.

2. En aplicación do disposto na Lei de solo e no resto da normativa aplicable, estarán obrigados a realizar as actuacións a que se refire este artigo, e ata onde alcance o deber legal de conservación, os seguintes suxeitos:

a) Os propietarios e os titulares de dereitos de uso outorgados por eles, na proporción acordada no correspondente contrato. En ausencia deste, ou cando non se conteña cláusula ningunha relativa á citada proporción, corresponderalles a uns ou outros, en función do carácter ou non de reparacións menores que teñan tales deberes, motivadas polo uso diario de instalacións e servizos. A determinación realizarase de acordo coa normativa reguladora da relación contractual e, de ser o caso, coas proporcións que figuren no rexistro relativas ao ben e aos seus elementos anexos de uso privativo.

b) As comunidades de propietarios e, de ser o caso, as agrupacións de comunidades de propietarios, así como as cooperativas de propietarios, con respecto aos elementos comúns da construción, o edificio ou complexo inmobiliario en réxime de propiedade horizontal e dos condominios, sen prexuízo do deber dos propietarios dos predios ou elementos separados de uso privativo de contribuíren, nos termos dos estatutos da comunidade ou agrupación de comunidades ou da cooperativa, aos gastos en que incorran estas últimas.

3. Conforme o disposto na normativa aplicable, nos casos de inexecución inustificada das obras ordenadas, dentro do prazo conferido para o efecto, procederase á súa realización subsidiaria pola Administración pública competente ou á aplicación de calquera outra fórmula de reacción administrativa por elección desta. En tales supostos, o límite máximo do deber de conservación poderá elevarse, se así o dispón a lexislación autonómica, ata o 75% do custo de reposición da construción ou o edificio correspondente.

Artigo 19. Suxeitos lexitimados para participar nas actuacións de rehabilitación.

1. Están lexitimados para participar nas actuacións de rehabilitación, nos termos dispostos neste real decreto lei, ademais das administracións públicas competentes, as comunidades e agrupacións –forzosas ou voluntarias– de propietarios, as cooperativas constituídas para o efecto, os propietarios de terreos, construcións, edificacións e predios urbanos, e os titulares de dereitos reais ou de aproveitamento, as empresas, entidades ou sociedades que interveñan a calquera título nas ditas operacións, e as asociacións administrativas que sexan constituídas por eles.

2. Os suxeitos a que se refire este artigo poderanse agrupar en asociacións administrativas cos seguintes fins:

- a) Participar no proceso de planificación ou programación da actuación.
- b) Elaborar, por propia iniciativa ou por encargo do responsable da xestión da actuación de que se trate, os correspondentes proxectos, plans ou programas.
- c) Asumir, por si mesmas ou en asociación con outros suxeitos intervinientes, públicos ou privados, a xestión das obras de mellora e rexeneración urbana ou, de ser o caso, participar nunha ou outra na forma que se conveña co responsable da xestión.

3. A participación na execución de actuacións de rehabilitación producirase, sempre que sexa posible, en réxime de xusta distribución de beneficios, incluídas as axudas públicas e cargas.

Artigo 20. Actuacións a cargo de comunidades e agrupacións de comunidades de propietarios e cooperativas de rehabilitación.

1. As comunidades e as agrupacións de comunidades de propietarios poderán, logo de acordo validamente adoptado conforme a lexislación de propiedade horizontal:

a) Actuar no mercado inmobiliario con plena capacidade xurídica para todas as operacións, incluídas as crediticias, relacionadas co cumprimento dos deberes de conservación, mellora e rexeneración, así como coa participación na execución de actuacións illadas ou conxuntas, continuas ou descontinuas, que correspondan.

b) Constituír un fondo de conservación, mellora e rexeneración, que se nutrirá con achegas específicas dos propietarios para tal fin e co que se poderán cubrir faltas de pagamentos das cotas de contribución ás obras correspondentes.

c) Ser beneficiarias directas de calquera medida de fomento establecida polos poderes públicos, así como perceptoras e xestoras das axudas outorgadas aos propietarios de predios.

d) Outorgar por si soas escrituras públicas de modificación do réxime de propiedade horizontal, tanto no relativo aos elementos comúns como aos predios de uso privativo, co fin de acomodar este réxime aos resultados das obras de rehabilitación edificatoria ou de rexeneración urbana na xestión da cal participen ou que directamente leven a cabo.

e) Agruparse voluntariamente para formaren entes asociativos de xestión de actuacións de rehabilitación, os cales poden ser habilitados para o efecto polas administracións públicas actuantes.

f) Actuar, no seo dos procedementos de xestión para a execución das actuacións de rehabilitación, como fiduciarias con pleno poder dispositivo sobre os elementos comúns do correspondente edificio ou complexo inmobiliario e os predios pertencentes aos propietarios membros daquelas, sen máis limitacións que as establecidas nos estatutos.

2. Será de aplicación o disposto no número anterior ás cooperativas que se constitúan co obxecto de executaren ou participaren na execución de actuacións de rehabilitación.

3. Os plans e programas de actuacións de mellora e rexeneración urbana poderán impor, para efectos da súa execución, a agrupación forzosa das comunidades ou agrupacións de comunidades de propietarios existentes no seu ámbito de aplicación.

Artigo 21. *Obrigatoriedade da inspección técnica de edificios.*

1. Os edificios cunha antigüidade superior a 50 anos, salvo que as comunidades autónomas fixen distinta antigüidade na súa normativa, destinados preferentemente a uso residencial, situados nos municipios sinalados na disposición adicional terceira, deberán ser obxecto, en función da súa antigüidade, dunha inspección técnica periódica que asegure o seu bo estado e debida conservación, e que cumpra, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Avaliar a adecuación destes inmobles ás condicións legalmente exixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato.

b) Determinar as obras e traballos de conservación que se requiran para manter os inmobles no estado legalmente exixible, e o tempo sinalado para o efecto.

2. As actuacións contidas neste artigo aplicaranse na forma, prazos e condicións que regulen as comunidades autónomas. Os municipios poderán establecer as súas propias actuacións no marco dos mínimos estatais e autonómicos.

3. As inspeccións realizadas por encargo da comunidade ou agrupación de comunidades de propietarios que se refiran á totalidade dun edificio ou complexo inmobiliario estenderán a súa eficacia a todos e cada un dos locais e vivendas existentes.

Artigo 22. *Efectos da inspección.*

Cando da inspección realizada resulten deficiencias, a eficacia do documento acreditativo desta, para os efectos de xustificar o cumprimento do deber legal de conservación a que se refire o artigo 9 da Lei de solo, quedará condicionada á certificación da realización efectiva das obras e os traballos de conservación requiridos para manter o inmovible no estado legalmente exixible, e no tempo sinalado para o efecto.

CAPÍTULO V

Seguridade xurídica en materia inmobiliaria

Artigo 23. *Silencio negativo en procedementos de conformidade, aprobación ou autorización administrativa.*

1. Os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e o subsolo que se indican a seguir requirirán do acto expreso de conformidade, aprobación ou autorización administrativa que sexa preceptivo segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística:

a) Movementsos de terras, explanacións, parcelacións, segregacións ou outros actos de división de predios en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

b) As obras de edificación, construción e implantación de instalacións de nova planta.

c) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisórias ou permanentes.

d) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva que, polas súas características, poida afectar a paisaxe.

e) A primeira ocupación das edificacións de nova planta e das casas a que se refire a alínea c) anterior.

2. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexitimarás ao interesado que tiver deducido a solicitude para entendela desestimada por silencio administrativo.

Artigo 24. *Declaración de obra nova.*

Dáselle unha nova redacción ao artigo 20 do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, que queda redactado do modo seguinte:

«1. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, os notarios exixirán, para o seu testemuño, a achega do acto de conformidade, aprobación ou autorización administrativa que requira a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como certificación expedida por técnico competente e acreditativa do axuste da descrición da obra ao proxecto que fose obxecto do dito acto administrativo.

Tratándose de escrituras de declaración de obra nova terminada, exixirán, ademais da certificación expedida por técnico competente acreditativa da finalización desta conforme a descrición do proxecto, os documentos que acrediten os seguintes aspectos:

a) o cumprimento de todos os requisitos impostos pola lexislación reguladora da edificación para a entrega desta aos seus usuarios e

b) o outorgamento das autorizacións administrativas necesarias para garantir que a edificación reúne as condicións necesarias para o seu destino ao uso previsto na ordenación urbanística aplicable e os requisitos de eficiencia enerxética tal e como son demandados pola normativa vixente.

2. Para practicar as correspondentes inscricións das escrituras de declaración de obra nova, os rexistradores exixirán o cumprimento dos requisitos establecidos no número anterior.

3. Naqueles casos en que a descrición da obra terminada non coincida coa que conste no rexistro, por se produciren modificacións no proxecto, a constancia rexistral da terminación da obra producirase mediante un asento de inscrición, cuxa

extensión quedará suxeita ao previsto no ordinal primeiro en relación cos requisitos para a inscrición das obras novas terminadas.

4. Malia o disposto no número anterior, no caso de construcións, edificacións e instalacións respecto das cales xa non proceda adoptar medidas de restablecemento da legalidade urbanística que impliquen a súa demolición, por teren transcorrido os prazos de prescrición correspondentes, a constancia rexistral do remate da obra rexerá polo seguinte procedemento:

a) Inscibiranse no Rexistro da Propiedade as escrituras de declaración de obra nova que vaian acompañadas de certificación expedida polo concello ou por un técnico competente, acta notarial descritiva do predio ou certificación catastral descritiva e gráfica do predio, nas que conste o remate da obra en data determinada e a súa descrición coincidente co título. Para tales efectos, o rexistrador comprobará a inexistencia de anotación preventiva por incoación de expediente de disciplina urbanística sobre o predio obxecto da construción, edificación e instalación de que se trate e que o solo non ten carácter demanial ou está afectado por servidumes de uso público xeral.

b) O asento de inscrición deixará constancia da situación de fóra de ordenación na cal queda toda ou parte da construción, edificación e instalación, de conformidade co ordenamento urbanístico aplicable. Para tales efectos, será preciso achegar o acto administrativo mediante o cal se declare a situación de fóra de ordenación, coa delimitación do seu contido.

c) Os rexistradores da propiedade darán conta ao concello respectivo das inscricións realizadas nos supostos comprendidos nos números anteriores, e farán constar na inscrición e na nota de despacho a práctica da dita notificación.»

Artigo 25. Protección rexistral ante títulos habilitantes de obras e actividades.

Un. Engádesse un novo número 6 no artigo 17 do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, co seguinte teor:

«6. A constitución e modificación do complexo inmobiliario deberá ser autorizada pola Administración competente onde se sitúe o predio ou predios sobre os cales se constituía tal réxime, sendo requisito indispensable para a súa inscrición que ao título correspondente se xunte a autorización administrativa concedida, ou o testemuño notarial desta.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ao artigo 51 da Lei de solo, que queda redactado do modo seguinte:

«1. Serán inscribibles no Rexistro da Propiedade:

a) Os actos firmes de aprobación dos expedientes de execución da ordenación urbanística en canto supoñan a modificación dos predios rexistrais afectados polo instrumento de ordenación, a atribución do dominio ou doutros dereitos reais sobre estas ou o establecemento de garantías reais da obriga de execución ou de conservación da urbanización.

b) As cesións de terreos con carácter obrigatorio nos casos previstos polas leis ou como consecuencia de transferencias de aproveitamento urbanístico.

c) A incoación de expediente sobre disciplina urbanística ou daqueles que teñan por obxecto o constrinximento administrativo para garantir o cumprimento de sancións impostas.

En todo caso, a incoación de expedientes de disciplina urbanística que afecten a actuacións por virtude das cales se leve a cabo a creación de novos predios rexistrais por vía de parcelación, reparcelación en calquera das súas modalidades, declaración de obra nova ou constitución de réxime de propiedade horizontal, a

Administración estará obrigada a acordar a práctica no Rexistro da Propiedade da anotación preventiva a que se refire o artigo 53.2 da Lei de solo.

d) As condicións especiais a que se suxeiten os actos de conformidade, aprobación ou autorización administrativa, nos termos previstos polas leis.

e) Os actos de transferencia e gravame do aproveitamento urbanístico.

f) A interposición de recurso contencioso-administrativo que pretenda a anulación de instrumentos de ordenación urbanística, de execución ou de actos administrativos de intervención.

g) Os actos administrativos e as sentenzas, en ambos os casos firmes, en que se declare a anulación a que se refire o número anterior, cando se concreten en predios determinados e participase o seu titular no procedemento.

h) Calquera outro acto administrativo que, en desenvolvemento dos instrumentos de ordenación ou execución urbanísticos, modifique, de forma inmediata ou no futuro, o dominio ou calquera outro dereito real sobre predios determinados ou a descrición destes.

2. Inscrita a parcelación ou reparcelación de predios, a declaración de novas construcións ou a constitución de réximes de propiedade horizontal, ou inscritos, de ser o caso, os conxuntos inmobiliarios, o rexistrador da propiedade notificaralle á comunidade autónoma competente a realización das inscricións correspondentes, cos datos resultantes do rexistro. Á comunicación, da que se deixará constancia por nota á marxe das inscricións correspondentes, engadirase certificación das operacións realizadas e da autorización administrativa que se incorpore ou se xunte ao título inscrito.

A omisión da resolución pola que se acorde a práctica da anotación preventiva a que fai referencia o número 1, alínea c), segundo parágrafo, dará lugar á responsabilidade da Administración competente no caso de que se lle produzan prexuízos económicos ao adquirente de boa fe do predio afectado polo expediente. En tal caso, a citada Administración deberá indemnizar o adquirente de boa fe polos danos e perdas causados.»

Tres. Dáselles unha nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 53 da Lei de solo, que quedan redactados como segue:

«1. Faranse constar mediante inscrición os actos e acordos a que se refiren as alíneas a), b), g) e h) do artigo 51, así como a superficie ocupada a favor da Administración, por tratarse de terreos destinados a dotacións públicas pola ordenación territorial e urbanística.

2. Faranse constar mediante anotación preventiva os actos das alíneas c) e f) do artigo 51, que se practicará sobre o predio en que recaia o correspondente expediente. Tales anotacións caducarán aos catro anos e poderán ser prorrogadas por instancia do órgano urbanístico actuante ou resolución do órgano xurisdiccional, respectivamente.»

CAPÍTULO VI

Medidas de simplificación administrativa

Sección primeira. Modificación do sentido do silencio en determinados procedementos administrativos

Artigo 26. Sentido positivo do silencio administrativo.

Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado que se citan no anexo I, o vencemento do prazo máximo fixado, de ser o caso, nese mesmo anexo sen que se notificase resolución expresa, lexítima os interesados para entenderen estimada a súa

solicitude por silencio administrativo, nos termos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sección segunda. Rexistros administrativos

Artigo 27. Rexistros.

Un. A alínea b) do artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, queda redactada como segue:

«Nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, á de calquera Administración das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, aos concellos dos municipios a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ou á do resto das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subcribiu o oportuno convenio.»

Dous. A disposición adicional segunda da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, queda redactada como segue:

«Segunda. *Informatización de rexistros.*

A incorporación a soporte informático dos rexistros a que se refire o artigo 38.3 desta lei será efectiva atendendo ao grao de desenvolvemento dos medios técnicos de que dispoñan.»

Sección terceira. Modificación de diversas leis para a súa adaptación á disposición adicional oitava da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, en materia de licenzas locais de actividade

Artigo 28. Modificación do Real decreto lei 4/2001, do 16 de febreiro, de réxime de intervención administrativa aplicable á valorización enerxética de fariñas de orixe animal procedentes da transformación de despoxos e cadáveres de animais.

O artigo segundo do Real decreto lei 4/2001, do 16 de febreiro, de réxime de intervención administrativa aplicable á valorización enerxética de fariñas de orixe animal procedentes da transformación de despoxos e cadáveres de animais, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo segundo. *Instalacións existentes.*

Para a realización de actividades de valorización enerxética de fariñas de orixe animal, reguladas no artigo anterior, nunha instalación que xa cumpra co que exige a normativa autonómica para a realización de actividades clasificadas como molestas insalubres, nocivas e perigosas, será suficiente unha comunicación do titular da instalación á autoridade competente, xa que non suporá unha modificación substancial da instalación.»

Artigo 29. Modificación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

O número 3 do artigo 25 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, queda redactado como segue:

«3. Os expedientes que tramiten os organismos de bacía no exercicio das súas competencias substantivas sobre a utilización e aproveitamento do dominio público hidráulico someteranse a informe previo das comunidades autónomas para que manifesten, no prazo e supostos que regulamentariamente se determinen, o que consideren oportuno en materias da súa competencia. As autorizacións e concesións sometidas ao dito trámite de informe previo non estarán suxeitas a ningunha outra intervención nin autorización administrativa respecto ao dereito a usar o recurso, salvo que así o estableza unha lei estatal, sen prexuízo das que sexan exixibles por outras administracións públicas en relación coa actividade de que se trate ou en materia de intervención ou uso de solo. Ao mesmo trámite de informe se someterán os plans, programas e accións a que se refire o artigo 24, alínea f.»

Artigo 30. *Modificación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.*

A Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, queda modificada como segue:

Un. O número 2 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«2. O outorgamento da autorización ambiental integrada, así como a modificación a que se refire o artigo 26, precederá, de ser o caso, os demais medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns, entre outros:

- a) Autorizacións substantivas das industrias sinaladas na alínea b) do artigo 3.
- b) Actuacións relativas aos medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns que establezan as administracións competentes sobre actividades clasificadas como molestas, insalubres, nocivas e perigosas, sen prexuízo dos mecanismos de coordinación establecidos na normativa correspondente.»

Dous. A alínea a) do número 1 do artigo 12 queda redactada do seguinte modo:

«a) Proxecto básico que inclúa, polo menos, os seguintes aspectos:

Documentación do correspondente medio de intervención administrativa na actividade dos cidadáns requirido por parte das administracións públicas competentes que habilite para a realización de actividades clasificadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, así como a contida nas disposicións autonómicas que resulten de aplicación, sen prexuízo do establecido no número 2 do artigo 29.»

Tres. O número 1 do artigo 29 queda modificado como segue:

«1. O procedemento para o outorgamento da autorización ambiental integrada substituirá os medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns que poidan establecer as administracións competentes para o exercicio de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas. Para estes efectos, a autorización ambiental integrada será, de ser o caso, vinculante para a autoridade local cando implique a denegación do exercicio das actividades ou a imposición de medidas correctoras, así como no referente a todos os aspectos ambientais recollidos no artigo 22.»

Artigo 31. *Modificación da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.*

A Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, queda modificada como segue:

Un. A alínea c) do artigo 18 queda modificada como segue:

«c) Nas actuacións relativas á intervención administrativa na actividade dos cidadáns que establezan as administracións competentes sobre actividades clasificadas como molestas insalubres, nocivas e perigosas.»

Dous. A alínea d) do artigo 18 queda modificada como segue:

«d) No resto de actuacións que habiliten para o exercicio de actividades ou a instalación e funcionamento de equipamentos e máquinas susceptibles de producir contaminación acústica.»

Artigo 32. *Modificación da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.*

A Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental queda modificada como segue:

Un. Engádesse unha nova alínea d) ao artigo 28, coa seguinte redacción:

«d) Os operadores das actividades que cumpran cos criterios e condicións de exclusión que se establezan regulamentariamente, de acordo coa disposición derradeira terceira, quedarán exentos de constituír garantía financeira obrigatoria e, polo tanto, de elevar unha proposta á autoridade competente para a aplicación do procedemento previsto no artigo 24.3.»

Dous. As alíneas a) e b) do artigo 29 quedan redactadas como segue:

«a) Os derivados das obrigas do operador reguladas no artigo 17.

b) Os derivados das obrigas do operador reguladas nos artigos 19 e 20. Na medida en que os ditos danos afecten as augas, as especies silvestres e os seus hábitats ou as ribeiras do mar e das rías, os gastos garantidos limitáanse aos encadrados dentro do concepto de «reparación primaria» definido no número 1.a) do anexo II.»

Tres. Engádesse un novo parágrafo ao número 1 do artigo 30 coa seguinte redacción:

«A cobertura da garantía financeira obrigatoria nunca será superior a 20.000.000 de euros. En calquera caso, a constitución desta garantía pola cobertura máxima non exime os operadores de elevaren unha proposta á autoridade competente para a aplicación do procedemento previsto no artigo 24.3.»

Artigo 33. *Modificación da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.*

A Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, queda modificada como segue:

Un. O número 2 do artigo 13 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Sen prexuízo dos demais medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns exixibles por outras disposicións, quedan sometidas a procedemento de autorización administrativa das comunidades autónomas, e nos termos que estas determinen, a construción, montaxe, explotación, traslado ou modificación substancial daquelas instalacións en que se desenvolva algunha das actividades incluídas no catálogo recollido no anexo IV desta lei e que figuran no dito anexo como pertencentes aos grupos A e B. As actividades incluídas no grupo A estarán suxeitas a uns requisitos de control de emisións máis exixentes que aquelas incluídas no grupo B.»

Dous. A alínea d) do número 2 do artigo 30 queda redactada nos seguintes termos:

«d) O incumprimento das condicións establecidas en materia de contaminación atmosférica na autorización ou aprobación do proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental ou nos medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns establecidos para as actividades clasificadas, sempre que isto xerese ou impidise evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguridade ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.»

Tres. A alínea d) do número 3 do artigo 30 queda redactada como segue:

«d) O incumprimento das condicións establecidas en materia de contaminación atmosférica na autorización ou aprobación do proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental ou nos medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns establecidos para as actividades clasificadas cando non estea tipificado como infracción moi grave.»

Artigo 34. *Modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

O número 2 do artigo 22 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, queda redactado nos seguintes termos:

«2. Iniciado o procedemento de aprobación dun plan de ordenación dos recursos naturais e ata que esta se produza, non se lles poderá recoñecer aos interesados a facultade de realizaren actos de transformación da realidade física, xeolóxica e biolóxica, sen informe favorable da Administración actuante.»

Disposición adicional primeira. *Non asunción polo Estado de obrigas contraídas polas entidades locais.*

O Estado non asumirá nin responderá, en virtude do disposto neste real decreto lei, das obrigas contraídas polas entidades locais e dos entes vinculados ou dependentes daquelas, de conformidade co establecido pola disposición adicional única do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.*

1. En virtude do seu réxime foral, o disposto na sección segunda do capítulo II deste real decreto lei aplicarase á Comunidade Foral de Navarra, sen prexuízo do establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, e do disposto no Convenio económico entre o Estado e a comunidade.

2. En virtude do seu réxime foral, o disposto na sección segunda do capítulo II deste real decreto lei aplicarase á Comunidade Autónoma do País Vasco, sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

Disposición adicional terceira. *Aplicación da inspección técnica de edificios obrigatoria.*

As determinacións contidas neste real decreto lei relativas á inspección técnica de edificios só serán aplicables nos municipios con poboación superior a vinte e cinco mil habitantes, salvo que as comunidades autónomas fixen outros estándares poboacionais e naqueles que as administracións inclúan nas áreas ou nas contornas metropolitanas que delimiten.

As comunidades autónomas, cando as circunstancias o aconsellen, poderán dispor a aplicación das determinacións relativas á inspección técnica de edificios a municipios non comprendidos no número anterior e, no dito caso, establecer excepcións do cumprimento dela a determinados edificios segundo a súa tipoloxía ou o seu uso predominante.

Disposición adicional cuarta. *Sentido negativo do silencio en determinados procedementos administrativos.*

1. Dentro dos procedementos administrativos en que, ao abeiro do artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resulta negativo o sentido do silencio, atópanse os seguintes:

- a) Inclusión na oferta de produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde dun alimento dietético para usos médicos especiais.
- b) Non inclusión na oferta de produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde dun alimento dietético para usos médicos especiais.
- c) Alteración da oferta de produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde.

2. Os tres procedementos réxense polo Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, polo que se fixan as bases para a inclusión dos alimentos dietéticos para usos médicos especiais na prestación con produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde e para o establecemento dos seus importes máximos de financiamento, así como pola Orde SPI/2958/2010, do 16 de novembro, pola que se establece o procedemento para a inclusión dos alimentos dietéticos para usos médicos especiais na oferta de produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde e para a aplicación dos importes máximos de financiamento.

Disposición adicional quinta. *Informatización de rexistros nas comunidades autónomas e nas entidades locais.*

As comunidades autónomas e as entidades integradas na Administración local nas cales os rexistros non estean plenamente incorporados a soporte informático nos termos do artigo 38.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, deberán aprobar e facer públicos os programas e calendarios de traballo precisos para iso, atendendo ás respectivas previsións orzamentarias, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición adicional sexta. *Sistema de Información Administrativa.*

1. A Administración xeral do Estado manterá permanentemente actualizado o Sistema de Información Administrativa, que conterá a base de datos de procedementos administrativos e facilitará a conectividade entre os distintos servizos administrativos para os oportunos efectos.

2. Correspóndelle ao Ministerio de Política Territorial e Administración Pública xestionar o dito sistema e coordinar cos departamentos ministeriais as canles de comunicación e actualización.

3. O Ministerio de Política Territorial e Administración Pública ofrecerá, a través da súa páxina web, información actualizada do sentido do silencio nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado.

4. Habilítase o dito ministerio para ditar as pertinentes disposicións de execución.

Disposición adicional sétima. *Referencias na lexislación estatal ás licenzas locais de actividade.*

A excepción das autorizacións que se impoñan en cumprimento da lexislación de patrimonio das administracións públicas e de armas e explosivos, as mencións contidas na lexislación estatal ás licenzas ou autorizacións municipais relativas á actividade, funcionamento ou apertura entenderanse referidas aos distintos medios de intervención administrativa na actividade dos cidadáns, segundo os principios do artigo 39 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e recollidas no artigo 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Disposición transitoria primeira. *Eficacia das inspeccións técnicas xa realizadas.*

As inspeccións técnicas de edificios realizadas conforme a normativa vixente no momento de entrada en vigor deste real decreto lei manterán a súa eficacia para todos os efectos dentro do prazo que a dita normativa tiver establecido e, en ausencia do dito prazo, ata o 1 de xaneiro de 2020.

Disposición transitoria segunda. *Calendario para as inspeccións técnicas.*

Antes da entrada en vigor do disposto neste real decreto lei sobre a obrigatoriedade da inspección técnica de edificios, as administracións públicas competentes poderán establecer, no ámbito das súas competencias, un calendario de datas ata o ano 2015 para a progresiva realización ordenada da inspección técnica de edificios en función da súa antigüidade. No dito ano, deberanse ter sometido á dita inspección todos os edificios cunha antigüidade superior a 50 anos no momento da entrada en vigor deste real decreto lei en todos os municipios a que se refire a disposición adicional terceira e nos termos establecidos nela.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio dos procedementos administrativos.*

Os procedementos administrativos afectados polos preceptos contidos no capítulo VI deste real decreto lei e iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor rexeranse pola normativa anterior que lles resulte de aplicación.

Disposición derogatoria.

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei, queda derogado o artigo 15 do Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, así como cantas disposicións de igual ou menor rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. Os artigos deste real decreto lei que non constitúen disposicións modificativas doutras vixentes dítanse ao abeiro dos seguintes preceptos da constitución:

a) Os contidos no capítulo I, en virtude do establecido no artigo 149.1. 6.^a, 8.^a e 13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil, procesual e civil e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

b) Os contidos no capítulo II, en virtude do establecido no artigo 149.1.13.^a e 14.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de facenda xeral.

c) Os contidos no capítulo IV e a disposición adicional terceira, en virtude do establecido no artigo 149.1.1.^a, 8.^a, 13.^a e 23.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas da igualdade no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos correspondentes deberes constitucionais, lexislación civil, bases e coordinación da planificación da actividade económica e lexislación básica sobre protección do medio ambiente, respectivamente.

d) O artigo 23, en virtude dos números 1.^o e 18.^o do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas da igualdade no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos correspondentes deberes constitucionais e sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

e) Os contidos no capítulo VI e as disposicións adicionais cuarta a sétima, en virtude do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas.

2. As normas contidas no capítulo IV deste real decreto lei con incidencia no réxime da propiedade horizontal aplicaranse sen prexuízo dos réximes civís, forais ou especiais, alí onde existen.

Disposición derradeira segunda. *Datos do catastro.*

O disposto no capítulo V deste real decreto lei enténdese sen prexuízo do previsto na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, en particular no que se refire á utilización da referencia catastral, a incorporación da certificación catastral descritiva e gráfica e as obrigas de comunicación, colaboración e subministración de información previstas pola normativa catastral.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción do disposto no artigo 21, en relación coa inspección técnica de edificios, que entrará en vigor ao ano da súa publicación.

Dado en Madrid o 1 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Procedementos administrativos con sentido do silencio negativo que pasa a positivo

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Obtención do nomeamento de intérprete xurado mediante exención de exame para licenciados en Tradución e Interpretación.	Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Orde AEX/1971/2002, do 12 de xullo, pola que se establecen os requisitos e o procedemento de intérprete xurado polos licenciados en Tradución e Interpretación.	DA 29ª Lei 14/2000.	4 meses.
Dispensa do requisito de residencia legal en España para a recuperación da nacionalidade española, salvo os supostos en que a recuperación da nacionalidade española necesita a habilitación do Goberno.	Art. 26-1-a) Código civil, DA 2ª Lei do Rexistro Civil do 8-6-1957 e DA 1ª Lei 36/2002, do 8-10, de modificación do Código civil en materia de nacionalidade.		Un ano.
Concentracións económicas non notificadas.	Lei 15/2007, de defensa da competencia. RD 261/2008, Regulamento de defensa da competencia.	Art. 9.5 Lei 15/2007.	1 mes en primeira fase (art. 36. 6 Lei 15/2007). 2 meses en segunda fase.
Concentracións económicas a remitir á UE.	Lei 15/2007, de defensa da competencia. RD 261/2008, Regulamento de defensa da competencia.	Art. 57.2 Lei 15/2007.	1 mes en primeira fase (art. 36. 6 Lei 15/2007). 2 meses en segunda fase.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Procedemento de control de concentracións económicas cando o notificante non responda a un requirimento de información ou o faga fóra de prazo.	Lei 15/2007, de defensa da competencia. RD 261/2008, Regulamento de defensa da competencia.	Art. 55.5 Lei 15/2007.	1 mes en primeira fase (art. 36. 6 Lei 15/2007). 2 meses en segunda fase.
Fusión, absorción, escisión cooperativas de crédito.	Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.	Artigo 1 da Lei 13/1989, do 26 de maio.	6 meses.
Fusión, absorción, escisión sociedades de garantía recíproca.	Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca.	Artigo 5 da Lei 1/1994, do 11 de marzo.	6 meses.
Fusión, escisión, absorción de empresas de servizos de investimento.	Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.	Artigo 7 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.	3 meses.
Autorización para a fusión e escisión de xestoras de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro (BOE 13-12-2002).	Artigo 20.7 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.
Comunicación de substitución de entidade xestora ou depositaria de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de plans e fondos de pensións aprobado por RDL 1/2002, do 29 de novembro.	Artigo 11.5 e DA 2ª texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.
Modificación de datos rexistrados de entidades depositarias de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.	Disposición adicional 2ª texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. Artigos 20 e 22 da Orde EHA/407/2008, do 7 de febreiro.	3 meses.
Modificación de datos rexistrados de entidades xestoras de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro. Regulamento de desenvolvemento aprobado polo RD 304/2004, do 20 de febreiro.	Disposición adicional 2ª texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións Artigos 20 e 22 da Orde EHA/407/2008. do 7 de febreiro.	3 meses.
Modificación de datos rexistrados de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.	Artigo 11.5 e DA 2ª texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.
Revogación de autorización de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e artigo 62 do RD 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de plans e fondos de pensións.	Disposición adicional 2ª texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.
Solicitud de autorización e inscrición como entidade xestora de fondos de pensións para unha entidade aseguradora.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.	Artigo 20.2 texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Solicitud de autorización e inscrición de entidade depositaria de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.	Artigo 2. Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.
Solicitud de autorización e inscrición de entidade xestora de fondos de pensións pura.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.	Artigo 2. Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.
Solicitud de autorización e inscrición de fondos de pensións.	Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.	Artigo 1. e 11 bis texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.	3 meses.
Solicitud de inscrición no rexistro de mediadores de seguros e corretores de reaseguros, salvo axentes exclusivos.	Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.	Artigo 21.4 e 27.2 Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.	3 meses.
Duplicados de permisos de conducir.	Real decreto legislativo 339/1990. Lei 14/2000.		
Informe sobre vehículos.	Real decreto legislativo 339/1990. Lei 14/2000.		
Baixas definitivas voluntarias de vehículos.	Real decreto legislativo 339/1990. Lei 14/2000.		
Prórroga de vixencia de permisos, licenzas e outras autorizacións para conducir.	Real decreto legislativo 339/1990. Lei 14/2000.		9 meses nos supostos da prórroga de permisos e licenzas para conducir.
Procedemento sobre concesión de autorizacións para instalacións de centros de voo de ultralixeiros motorizados.	Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.	Disposición adicional vixésimo novena.	
Procedemento sobre autorización da publicidade comercial a través de aeronaves.	Lei 14/2000 de 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.	Disposición adicional vixésimo novena.	
Procedemento sobre despacho de buques.	Lei 14/2000 de 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.	Disposición adicional vixésimo novena.	
Autorización inicial de actividade de empresas de traballo temporal de ámbito nacional ou supraautonómico.	Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.	2.4.	3 meses.
Autorización de reinicio de actividade de empresas de traballo temporal de ámbito nacional ou supraautonómico.	Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.	2.4.	3 meses.
Autorización para actuar como axencia de colocación.	Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.	21 bis.2.	
Autorización de participación nos servizos de axuste do sistema para as instalacións a que se refire o artigo 33.1.b) do Real decreto 661/2007.	Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.	Disposición adicional terceira.	3 meses.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Transmisión total ou parcial da titularidade dos permisos de investigación á que se refire o artigo 11 da Lei de hidrocarburos nas condicións que se establezan regulamentariamente.	Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.	Disposición adicional oitava.	3 meses.
Concentración de investimentos e transferencia de obrigas de investimentos entre permisos de investigación non lindeiros, pertencentes ao mesmo titular.	Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.	Disposición adicional oitava.	3 meses.
Autorización de peche de refinarías.	Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.	Disposición adicional oitava.	3 meses.
Autorización de peche de instalacións de almacenamento e distribución de gas licuado do petróleo.	Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.	Disposición adicional oitava.	3 meses.
Autorización de coeficientes de equivalencia de cru e materia prima para a presentación de declaracións á corporación de reservas enerxéticas.	Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.	Disposición adicional oitava.	3 meses.
Aprobación das memorias de plans de mantemento, desmantelamento e peche e desinvestimentos das centrais paralizadas definitivamente.	Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.	Disposición adicional terceira.	3 meses.
Procedemento de autorización de comercialización e inscrición no rexistro de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	65 e disposición adicional primeira.	6 meses, ampliables por outros 3.
Procedemento de renovación da autorización de comercialización e inscrición no rexistro de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	67 e disposición adicional primeira.	6 meses.
Procedemento de modificación da autorización de comercialización e inscrición no rexistro de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	69 e disposición adicional primeira.	6 meses.
Procedemento de transmisión da titularidade da autorización de comercialización e inscrición no rexistro de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	69 e disposición adicional primeira.	6 meses.
Procedemento de autorización de apertura de entidades elaboradoras de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	65 e disposición adicional primeira.	6 meses, ampliables por outros 3.
Procedemento de renovación da autorización de apertura de entidades elaboradoras de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	67 e disposición adicional primeira.	6 meses.
Procedemento de modificación da autorización de apertura de entidades elaboradoras de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	69 e disposición adicional primeira.	6 meses.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Procedementos de transmisión da titularidade da autorización de apertura de entidades elaboradoras de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	69 e disposición adicional primeira.	6 meses.
Procedemento de expedición de certificacións de produtos zosanitarios distintos dos medicamentos veterinarios, e de entidades elaboradoras destes.	Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.	65 a 71 e disposición adicional primeira.	3 meses.
Autorización e rexistro de fertilizantes.	Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.	Disposición adicional vixésimo novena.	3 meses.
Ensaio en materia de produtos fitosanitarios, fertilizantes.	Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.	Disposición adicional vixésimo novena.	3 meses.
Asignación de cota láctea da reserva nacional.	Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.	Disposición adicional vixésimo novena.	1 ano.
Cambio de censo de buques pesqueiros.	Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.	Art. 26.	6 meses.
Cambios de porto base.	Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado. Real decreto 1838/1997, do 5 de decembro, polo que se regula o inicio da actividade pesqueira e os establecementos e cambios de base dos buques pesqueiros.	Art. 67 e 68 Art. 5.	6 meses.
Autorización de agrupación de instalacións.	Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.	Art. 12.	6 meses.
Autorizacións para concurso de pesca deportiva.	Disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima. Real decreto 347/2011, do 11 de marzo, polo que se regula a pesca marítima de recreo en augas exteriores. Orde de 26 de febreiro de 1999 pola que se establecen as normas que regulan a pesca marítima de recreo.	Art. 17 RD 347/2011.	6 meses.
Autorización para os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada para o resto das comunidades autónomas.	Artigo 7 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.	Artigo 8.4 da Lei 11/1997.	6 meses.
Autorización ás federacións deportivas españolas en caso de gravame ou alleamento de bens inmobles que foron financiados en todo ou en parte con fondos públicos do Estado.	Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.	36.2.b).	12 meses.
Transformación de clubs profesionais en sociedades anónimas deportivas ou adecuación do capital social da sociedade anónima.	Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte. Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas.	24 e seguintes 5.	12 meses.
Cualificación e nomeamento de deportistas de alto nivel.	Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte. Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendimento.	53 2.2.	12 meses.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Declaración de importación de bens culturais.	Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei de patrimonio.	Art. 32 da Lei 16/1985 Art. 46.3 do Real decreto 111/1986.	3 meses.
Transmisión da propiedade dun ben de interese cultural ou ben inventariado.	Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español. Real decreto 111/1986, 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei de patrimonio.	Art. 38 da Lei 16/1985 Art. 41 do Real decreto 111/1986.	2 meses desde que se lle notifique á Administración.
Inscripción no Rexistro Estatal de Asociacións de Consumidores e Usuarios.	Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias. Real decreto 825/1990, do 22 de xuño, sobre o dereito de representación, consulta e participación dos consumidores e usuarios a través das súas asociacións.	Arts. 33 a 36. Arts. 2 a 4.	6 meses.
Autorizacións de variacións de importancia menor nos medicamentos. tipo I A e tipo I B.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 1345/2007, do 11 de outubro, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e condicións de dispensación dos medicamentos de uso humano fabricados industrialmente.	DA 29 Art. 64.	30 días naturais tras a recepción dunha notificación válida da modificación tipo IA ou IB.
Modificación de importancia menor da autorización de comercialización de medicamentos de uso veterinario.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 1246/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e farmacovixilancia dos medicamentos veterinarios fabricados industrialmente.	DA 29 Art. 47.	30 días naturais tras a recepción dunha notificación válida da modificación tipo IA ou IB.
Autorización dos seguintes ensaios clínicos e/ou produtos en fase de investigación clínica. a) ensaios clínicos nos que a AEMPS comunicase obxeccións ao promotor dentro dos 60 días naturais, contados desde a notificación da admisión a trámite da solicitude. b) ensaios clínicos con medicamentos que requiren a cualificación de produtos en fase de investigación clínica. c) ensaios clínicos con medicamentos de terapia xenética, terapia celular somática (incluídos os de terapia celular xenoxénica), así como todos os medicamentos que conteñan organismos modificados xeneticamente, definidos agora como medicamentos de terapias avanzadas que inclúen, así mesmo, os de enxeñaría tisular conforme o Regulamento 1394/2007, do 13 de novembro, do Parlamento Europeo e do Consello.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 223/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos.	DA 29 Arts. 20 a 27.	90 días naturais.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Revalidación quinquenal da autorización de comercialización de medicamentos de uso veterinario, excepto aqueles que non pasasen a revalidación extraordinaria, segundo a Circular 2/2005 modificada pola Circular 2/2009.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 1246/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e farmacovixilancia dos medicamentos veterinarios fabricados industrialmente.	DA 29 Art. 26.	90 días naturais.
Autorización de ensaios clínicos e produtos en fase de investigación clínica con medicamentos veterinarios.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. RD 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios.	DA 29. Art. 56.	30 días naturais.
Autorización de importación de medicamentos para utilizar en ensaios clínicos autorizados en España.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 223/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos.	DA 29. Art. 32 e arts. 20 a 27, para o procedemento xeral de autorización de ensaios clínicos.	60 días naturais.
Autorizacións relativas a importación de medicamentos rexistrados de uso veterinario e principios activos para a súa fabricación.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 824/2010, do 25 de xuño, polo que se regulan os laboratorios farmacéuticos, os fabricantes de principios activos de uso farmacéutico e o comercio exterior de medicamentos e medicamentos en investigación.	DA 29.	30 días naturais.
Autorizacións relativas a importación de medicamentos rexistrados de uso humano.	Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 824/2010, do 25 de xuño, polo que se regulan os laboratorios farmacéuticos, os fabricantes de principios activos de uso farmacéutico e o comercio exterior de medicamentos e medicamentos en investigación.	DA 29.	
Aseguramento de cooperantes.	Real decreto 519/2006; Orde AEC/163/2007.	Art. 12, DA 5ª, DT 1ª e 2ª RD 519/2006; bases 4ª e ss., DT 1 e 2ª Orde AEC/163/2007.	105 días.
Cualificación de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.	Orde AEC/1303/2005, do 27 de abril, pola que se regulan as bases para a concesión de subvencións a ONG, para a realización de intervencións en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento.	Base 13ª Orde AEC/1303/2005; 1.6 Resolución 22/09/2009.	6 meses.
Solicitud dun sistema de facturación electrónica.	Lei 30/1992, do 26 de novembro. Orde EHA/962/2007, do 10 de abril.	Disposición adicional 5.1 Artigo 3.5.	6 meses.
IVE: homologación de software de dixitalización certificado de facturas.	Lei 30/1992, do 26 de novembro. Orde EHA/962/2007, do 10 de abril.	Disposición adicional 5.1 Artigo 7.3f).	6 meses.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Acceso a arquivos e rexistros e obtención de copias de expedientes concluídos de homologación de software de dixitalización certificado de facturas.	Lei 30/1992, do 26 de novembro. Orde EHA/962/2007, do 10 de abril.	Artigo 37 D i s p o s i c i ó n adicional.	1 mes.
Autorización a entidades para prestar servizos de certificación.	Lei 30/1992, do 26 de novembro. Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio.	Disposición adicional 5.1.	6 meses.
Conversión de cooperativas de crédito noutra clase de cooperativas.	Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.	Artigos 31 e 36 do RD 84/1993, do 22 de xaneiro.	6 meses.
Modificación programa actividades empresas de servizos de investimento.	Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento.	Artigos 11 e 12 do RD 217/2008, do 15 de febreiro.	3 meses.
Modificación estatutos sociedade xestora de fondos de titulación.	Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulación.	Artigos 13 e 17 do RD 926/1998, do 14 de maio.	3 meses.
Creación sociedade xestora de fondos de titulación.	Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulación.	Artigo 13.2 do RD 926/1998, do 14 de maio.	3 meses.
Recoñecemento de cualificacións profesionais vinculadas ao MEH.	Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE e a Directiva 2006/100/CE.	Disposición adicional vixésima novena.	4 meses.
Autorización de peche temporal de expendedorías.	Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo.	Art. 47 Real decreto 1199/1999.	3 meses.
Autorización de comercialización doutros artigos nas expendedorías de tabaco e timbre.	Real decreto 1199/1999, de desenvolvemento da Lei 13/1998 e polo que se regula o Estatuto concesional da Rede de Expendedurías de Tabaco e Timbre.	Art. 31.4 Real decreto 1199/1999.	3 meses.
Autorización de extensións transitorias de expendedorías.	Real decreto 1199/1999, do 9 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 13/1998, e se regula o Estatuto concesional da Rede de Expendedurías de Tabaco e Timbre.	Art. 34 Real decreto 1199/1999.	3 meses.
Consulta previa sobre a viabilidade dunha estación de servizo fóra dunha área de servizo.	Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.	Artigos 67 a 72.	
Autorizacións de carteis informativos, rótulos e anuncios.	Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.	Artigos 89 e 90.	
Consulta previa sobre a viabilidade dun acceso á estrada.	Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.	Artigos 101 a 106.	
Autorizacións para probas deportivas e outros usos excepcionais.	Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.	Artigo 108.	
Informe vinculante da Dirección Xeral de Estradas sobre autorizacións en tramos urbanos que outorgan os concellos e suxeitas á exixencias e limitacións do título III, capítulo I, do Regulamento xeral de estradas.	Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas.	Artigo 125.	

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Suspensión e revogación de habilitacións do persoal de infraestrutura, no caso de falta de resolución expresa para resolver o recurso potestativo de reposición contra as resolucións do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.	Orde FOM 2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.	Artigo 17.5.	
Suspensión e revogación de habilitacións do persoal de operacións de tren, no caso de falta de decisión expresa no recurso contra as decisións das entidades ferroviarias outorgantes.	Orde FOM 2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.	Artigo 23.5.	
Suspensión e revogación de habilitacións do persoal responsable de control de mantemento de material rodante ferroviario, no caso de falta de decisión expresa no recurso contra a decisión do director do centro homologado.	Orde FOM 2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.	Artigo 29.5.	
Resolución presunta dun recurso de alzada interposto contra a resolución do director do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX), pola que, resolvendo o procedemento de concesión das bolsas, concede ou denega as axudas solicitadas.	Orde FOM/2037/2006, do 20 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de bolsas polo Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas.	Número 4.6.	
Acreditación de compañías aéreas non comunitarias.	Real decreto 1392/2007, do 29 de outubro, polo que se establecen os requisitos para a acreditación de compañías aéreas de países terceiros.	Artigo 9.	
Matriculación - Inscripción por unidades.	RD 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.		
Matriculación - Inscripción definitiva de embarcacións menores de 24 metros.	RD 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.		
Matriculación - Inscripción definitiva de buques maior ou igual a 24 metros.	RD 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.		
Matriculación - Matriculación de motos náuticas.	RD 259/2002 polo que se actualizan as medidas de seguridade na utilización de motos náuticas.		
Construción - Probas oficiais.	RD 1837/2000 sobre inspección e certificación de buques civís españois.		
Buque en servizo - Obras de reforma autorizadas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.	RD 1837/2000 sobre inspección e certificación de buques civís españois.		

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Titulacións e formación marítima - Títulos de recreo.	Orde FOM/3200/2007 pola que se regulan as condicións para o goberno de embarcacións de recreo.		
Seguridade marítima - Autorización de saídas de buque sen entregar residuos.	RD 1381/2002 sobre instalacións portuarias de recepción de refugallos xerados polos buques e residuos de carga.		
Radiocomunicacións - Solicitud de número de identificación do servizo móbil marítimo (MMSI).	RD 1185/2006 polo que se aproba o Regulamento de radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois.		
Radiocomunicacións - Solicitud de licenza de estación de barco (LEB).	RD 1185/2006 polo que se aproba o Regulamento de radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois.		
Avaliación da actividade investigadora.	RD 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario. Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 2 de decembro.		6 meses.
Avaliación do persoal docente e investigador contratado.	RD 1052/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o procedemento para a obtención da avaliación da ANECA e da súa certificación, para os efectos de contratación de persoal docente e investigador universitario.		6 meses.
Mobilidade de alumnos en ensinanzas universitarias oficiais de máster.	Orde EDU/959/2010, do 14 de abril, pola que se convocan subvencións para favorecer a mobilidade de profesores visitantes e de estudantes de ensinanzas universitarias oficiais de máster para o curso 2010-2011.		6 meses.
Acreditación de títulos de terceiros países homologados a títulos españois.	Directiva 2005/36/CE. RD 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.		3 meses.
Acreditación de títulos españois correspondentes a profesións reguladas de acordo coas previsións contidas na Directiva 2005/36/CE.	Directiva 2005/36/CE. Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.		3 meses.
Expedición de títulos oficiais: de especialistas en Ciencias da Saúde e de títulos oficiais de homologacións.	Orde do 12 de marzo de 1987 pola que se ditan instrucións en materia de expedición e homologación de títulos oficiais españois acreditativos dunha especialización.	Artigo 3.	6 meses.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Admisión de alumnos nas agrupacións de Lingua e Cultura Española no Estranxeiro.	Resolución do 9 de outubro de 2003, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se ditan instrucións para regular a planificación, a organización, o funcionamento e as actividades de finalización de curso das ensinanzas complementarias de lingua e cultura españolas para alumnos españois residentes no exterior.	Números 2, 3 e 4.	6 meses.
Admisión de alumnos nos centros de titularidade española no exterior.	Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño, polo que se regula a acción educativa no exterior.	Art. 17.	6 meses.
Modificación da autorización de centros docentes privados.	Real decreto 332/1992, do 3 de abril, sobre autorizacións de centros docentes privados, para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias.	Art. 13 e 14.	3 meses.
Autorización de apertura e funcionamento de centros docentes privados.	Real decreto 332/1992, do 3 de abril, sobre autorizacións de centros docentes privados, para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias.	Art. 5 a 12.	3 meses.
Extinción da autorización de centros docentes privados.	Real decreto 332/1992, do 3 de abril, sobre autorizacións de centros docentes privados, para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias.	Art. 15 a 19.	3 meses.
Probas de acceso a ciclos formativos no ámbito de xestión do Ministerio de Educación.	RD 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se ordena a Formación Profesional do Sistema Educativo.	Art. 20 e 31.	1 mes.
Formulario matrícula <i>on line</i> para FP a distancia.	RD 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se ordena a Formación Profesional do Sistema Educativo.	Art. 26.	1 mes.
Proba libre para a obtención do título de graduado en Educación Secundaria.	RD 1613/2006, do 29 de decembro.		1 mes.
Mobilidade da funcionaria vítima de violencia de xénero.	RD 1777/1994, do 5 de agosto.	Artigo 2 h) e k).	3 meses.
Permuta.	RD 1777/1994, do 5 de agosto.	Artigo 2 e).	3 meses.
Homologación de caixas de correo.	Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cine.	Artigo 14.2.	1 mes.
Modificacións de carácter administrativo na autorización de fabricación e comercialización de biocidas.	Lei 11/2001, do 5 de xullo, pola que se crea a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición. Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.	Artigo 7.	6 meses.
Libre elección de médico xeral e pediatra no ámbito territorial de Ceuta e Melilla.	Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Real decreto 1575/1993, do 10 de setembro, polo que se regula a libre elección de médico nos Servizos de Atención Primaria do Instituto Nacional da Saúde.		3 meses.
Anulación de medicamentos de uso veterinario por petición de parte.	Real decreto 1246/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e farmacovixilancia dos medicamentos veterinarios fabricados industrialmente.	Artigo 53.	3 meses.

Procedemento	Norma reguladora	Artigo	Prazo de resolución
Notificación de cambio de titularidade dun laboratorio farmacéutico, ou de cambio de denominación, sede social ou representante legal.	Real decreto 824/2010, do 25 de xuño, polo que se regulan os laboratorios farmacéuticos, os fabricantes de principios activos de uso farmacéutico e o comercio exterior de medicamentos e medicamentos en investigación.	Artigo 11.	30 días naturais (excepcionalmente pode ser prorrogado ata os 90 días).
Intención de comercialización de medicamentos de uso humano.	Real decreto 1345/2007, do 11 de outubro, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e condicións de dispensación dos medicamentos de uso humano fabricados industrialmente.	Artigo 28.	
Intención de comercialización de medicamentos veterinarios.	Real decreto 1246/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e farmacovixilancia dos medicamentos veterinarios fabricados industrialmente.	Art. 27.	
Modificacións da autorización de laboratorios farmacéuticos por cambios menores.	Real decreto 824/2010, do 25 de xuño, polo que se regulan os laboratorios farmacéuticos, os fabricantes de principios activos de uso farmacéutico e o comercio exterior de medicamentos e medicamentos en investigación.	Art. 11.	30 días naturais (excepcionalmente pode ser prorrogado ata os 90 días).